

Ficha da actividade

Tipo de actividade: Curso teórico-práctico

Dirixido a: Calquera persoa interesada en contribuír de forma activa a promover proxectos e impulsar iniciativas para xerar cambios sociais, culturais e educativos.

Fecha: Venres, 26 de agosto de 2011

Lugar: **Museo Pazo de Tor**
San Xoan de Tor
27591 Monforte de Lemos (Lugo)
Tfno.: 982165534

Horario: Mañá: 11:00 - 13:30 h
Tarde: 16:30 - 19:00 h

Aforamento: Limitado a 40 persoas, por orden de inscrición

Inscrición: Gratuíta ata completar aforamento logo de inscrición en: <https://spreadsheets.google.com/spreadsheet/viewform?formkey=dGlx3ZxcThELVFVYThyUDBFaWtndkE6MQ>

Prazo de inscrición: 8 - 20 agosto (incluídos)

Os solicitantes deberán achegar ao seu formulario de inscrición:




Breve CV (máximo unha páxina) Presentarase con carácter meramente orientativo para poder coñecer aos participantes antes do comezo da xornada. En ningún momento se seleccionará os participantes en función do seu CV.

Carta de motivación (máximo unha páxina) na que se expliquen tanto as razóns polas cales se desexa participar no curso, coma un listado de inquietudes e/ou proxectos aos que o candidato/a desexaría aplicar os coñecementos e a experiencia que adquirirá.

Ambos textos teñen carácter obrigatorio e non se admitirá ningunha solicitude que non reúna os requisitos.

Cancelacións: Debido a que o curso conta cun número limitado de prazas, pregamos aos inscritos confirmados que se por algún imprevisto finalmente non puidesen asistir llo comuniquen á organización o antes posible, co fin de asignar a praza a outra persoa interesada.

Información: **Encarna Lago**
Xerente da Rede Provincial de Museos de Lugo
Deputación de Lugo
Correo electrónico: xerencia@museolugo.org
Teléfono: 982 165534



I Xornadas: Museos, as redes sociais como xeneradoras de cambios

Bloque II: Nelas analizarase o papel das redes sociais no mundo actual e a súa capacidade como ferramenta de cambio no campo da museoloxía

Organiza: Rede Museística Provincial de Lugo

Área de Cultura

Deputación de Lugo

Dentro do programa das actividades de verán da Rede Museística Provincial no Museo Pazo de Tor (Lugo) desenvolverase ao longo do verán baixo o lema "Enrédate con nós", Encarnación Lago presentou as xornadas, coordinadas por ela, "Museos: As redes sociais como xeradoras de cambios", que se van a cabo nos museos da Rede Museística. Nelas analizarase o papel das redes sociais no mundo actual e a súa capacidade como ferramenta de cambio no campo da museoloxía. Contará con figuras recoñecidas do sector como Araceli Corbo do MUSAC (Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León), Rufino Ferreras ou Pilar Gonzalo.

As novas tecnoloxías posibilitan aos museos crear interesantes proxectos divulgativos que usen a rede como canal de difusión.

Os museos non só estarán presentes nos medios sociais, senón que tamén traballarán neles e prestarán un verdadeiro servizo a través de varias ferramentas, como por exemplo, adaptar a súa web e os seus contidos a un novo modelo de usuario que é o usuario que dispón de smartphone, facilitando a accesibilidade a través deste medio. A creación de apps específicas sobre o museo ou as súas exposicións conviértense nun bo medio de formar e informar ao noso público de forma dinámica e interactiva, podría ser outro exemplo, Así coma os códigos QR, códigos de barras bidimensionais, entre as súas numerosas posibilidades no campo da museoloxía, están a creación dun novo nivel interactivo da lectura da exposición. Isto entre outras moitas cousas será o que traballaremos nesta xornada.

Programa:

Mañá

(11:00 – 12:00 h)

"As Redes Sociais e a súa relación cos museos e centros da arte" **Araceli Corbo** responsable de la Biblioteca-Centro de Documentación del MUSAC (Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León)

(12:30 – 13:30)

"Museos e Redes Sociais: A delgada línea entre o analóxico ao dixital" **Rufino Ferreras** Responsable de Desarrollo Educativo dentro del Área de Investigación y Extensión Educativa del Museo Thyssen-Bornemisza

Tarde

(16:30)

Mesa Redonda: Enredados na Rede Museística: Musac, Museo Thyssen, Museo de Lugo, Museo de San Paio, Museo Pazo de Tor, Museo do Mar. Encarna Lago, Antonio Reigosa, Rufino Ferreras y Araceli Corbo.